

INFORME TÉCNICO

IDENTIFICACIÓN E MARCAXE SELECTIVA DE LARVAS DE MEXILLÓN MEDIANTE ANTICORPOS MONOCLONAIS

ENTIDADE: Laboratorio de Inmunoloxía-CINBIO-UVIGO

RESPONSABLE: África González Fernández

RESPONSABLE TÉCNICO: Silvia Lorenzo Abalde

DATA: 12/05/2025

Actividade financiada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e pola Consellería do Mar, a través do proxecto para o estudo de identificación e marcaxe selectiva de larvas de mexillón mediante anticorpos monoclonais.





XUNTA
DE GALICIA


CONSELLERÍA
DO MAR





Cofinanciado por
la Unión Europea

Seguindo o seguinte criterio respecto ás categorías de densidade larvaria de mexillón:

Larvas en D/m³ (estadios iniciais da fase larvaria)	
	0-99 (Baixa)
	100-999 (Media-baixa)
	1.000-9.999 (Media)
	10.000-99.999 (Media-alta)
	100.000-999.999 (Alta)


Larvas umbonadas/m³ (estadios finais da fase larvaria)	
	0-3 (Baixa)
	4-39 (Media-baixa)
	40-399 (Media)
	400-3.999 (Media-alta)
	4.000 -39.999 (Alta)

1. Mostra P2_120525

Data recollida: 12-05-25 Ubicación: 42° 21' 24" / 8° 46' 25" Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 1.385 larvas umbonadas: 2.989 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (28%): 381 (densidade media-baixa) larvas umbonadas (23%): 699 (densidade media-alta)	 Profundidade: 10 m Volume: 0,61 m³ 
---	--

Comentarios: Aumento da densidade larvaria. As larvas de mexillón en D, aínda que aumentan, continúan dentro de niveis de densidade media-baixa. As umbonadas pasan de densidade media a media-alta.

2. Mostra V1_120525

Data recollida: 12-05-25 Ubicación: 42° 14' 22" / 8° 49' 30" Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 1.452 larvas umbonadas: 3.806 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (42%): 606 (densidade media-baixa) larvas umbonadas (10%): 378 (densidade media)	 Profundidade: 9 m Volume: 1,24 m³ 
--	---



Comentarios: Diminución da densidade de larvas en D e incremento da densidade de larvas umbonadas, tanto de bivalvos totais como de mexillón. As larvas en D de mexillón pasan de densidade media a media-baixa, e as umbonadas, aínda que se incrementan, continúan en niveis de densidade media.

3. Mostra V2_120525

Data recollida: 12-05-25 Ubicación: 42° 16' 00'' / 8° 43' 10'' Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 4.342 larvas umbonadas: 3.580 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (95%): 4.142 (densidade media) larvas umbonadas (36%): 1.272 (densidade media-alta)	 Profundidade: 10 m Volume: 1,44 m³ 
---	--


Comentarios: Diminución da densidade de larvas en D e incremento da densidade de larvas umbonadas, tanto de bivalvos totais como de mexillón. As larvas en D de mexillón pasan de densidade media-alta a media, e as umbonadas, aínda que se incrementan, continúan en niveis de densidade media-alta.

4. Mostra A4_140525

Data recollida: 14-05-25 Ubicación: 42° 33' 30'' / 8° 54' 36'' Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 643 larvas umbonadas: 690 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (54%): 350 (densidade media-baixa) larvas umbonadas (62%): 428 (densidade media-alta)	 Profundidade: 9 m Volume: 1,76 m³ 
---	---

Comentarios: Diminución da densidade de larvas en D, tanto de bivalvos totais como de mexillón, e pouca variación na densidade de larvas umbonadas totais. As larvas de mexillón en D pasan de densidade media-alta a media-baixa, e as umbonadas soben de densidade media a media-alta..

5. Mostra A9_140525

Data recollida: 14-05-25 Ubicación: 42° 31' 06'' / 8° 58' 48'' Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 474 larvas umbonadas: 161 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (21%): 101 (densidade media-baixa) larvas umbonadas (16%): 26 (densidade media-baixa)	 Profundidade: 10 m Volume: 1,10 m³ 
---	--



Comentarios: Diminución da densidade larvaria. As larvas de mexillón en D pasan de densidade media-alta a media-baixa, e as umbonadas pasan de media a media-baixa.

6. Mostra M5_130525

Data recollida: 13-05-25 Ubicación: 42° 43' 24'' / 9° 03' 00'' Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 497 larvas umbonadas: 145 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (20%): 102 (densidade media-baixa) larvas umbonadas (20%): 29 (densidade media-baixa)	 Profundidade: 10 m Volume: 1,66 m³ 
---	--

Comentarios: Diminución da densidade larvaria. As larvas de mexillón en D, aínda que diminúen, continúan en densidade media-baixa, e as umbonadas pasan de densidade media a media-baixa.

7. Mostra L1_120525

Data recollida: 12-05-25 Ubicación: 42° 23' 57" / 8° 17' 11" Larvas bivalvos totais / m³: larvas en D: 969 larvas umbonadas: 3.641 Larvas marcadas (mexillón) / m³: larvas en D (62%): 605 (densidade media-baixa) larvas umbonadas (24%): 866 (densidade media-alta)			
		Profundidade: 9 m Volume: 1,84 m³	

Comentarios: Aumento da densidade larvaria. As larvas de mexillón en D pasan de densidade baixa a media-baixa, e as umbonadas soben de densidade media a media-alta.